

«É importante non confundir a tristeza coa depresión», dice Melva Lage Castro <sup>P3</sup>



El ganador de los 11 millones del cupón de la Once continúa en el anonimato <sup>P2</sup>

Adrián Ben y Marcos Rivas logran el bronce en el cross de Atapuerca <sup>P7</sup>

# A Mariña

MARTES 15 DE NOVIEMBRE DE 2022

ELPROGRESO



## Acantilados en peligro

Alumnos del IES Dionisio Gamallo recibieron del geólogo Fran Canosa información sobre el deterioro de As Catedrais por su fragilidad y el turismo masivo

### SE VENDE LEÑA DE CARBALLO SECA

Para A Mariña Lucense y Occidente de Asturias

 608 987 518



I.D.G.F.

### El PP alerta del mal estado de varias calles de Ribadeo

El grupo municipal del PP ribadense alertó al gobierno municipal del mal estado en que se encuentra el firme de varias calles peatonales de la localidad. Aseguran que es una queja recurrente del vecindario y que desde el gobierno municipal no se hace nada por solucionarlo.

### Trabada recibirá agua de la traída del Concello ribadense

El alcalde de Ribadeo, Fernando Suárez, y la alcaldesa de Trabada, Mayra García, firmaron un convenio de colaboración para llevar el suministro de agua a varias parroquias trabadenses a través de la acometida municipal de Ribadeo. Esta, a su vez, capta el agua en Vilarbetote, en Trabada.



### Burger King espera abrir su local de Vilar durante esta semana

La empresa Burger King espera abrir a lo largo de los próximos días, en principio esta misma semana, el establecimiento que acaba de construir en la zona ribadense de Vilar. Dicho local está prácticamente ultimado y el personal listo por lo que faltan solo unos flecos para su apertura.



Último derrumbe, ocurrido a finales de 2020, en la parte alta de los acantilados de As Catedrais. P.V. (AEP)

### Los arqueólogos presentarán sus estudios del castro de Rueta tras la Navidad

● Las estructuras castreñas han aparecido bastante claras y ahora deben interpretarse

TEXTO: X.L.

Los arqueólogos David González y Jesús García presentarán en Cervo tras las navidades el informe preliminar de su estudio sobre el castro de Rueta, tras realizar mediciones y recoger datos con un georradar y un magnetómetro que ahora están procesando para poderlos interpretar. En principio los montículos de la croa llamaron mucho la atención a miembros de la asociación Mariña Patrimonio, quienes han reunido los apoyos para este sondeo e investigación de los miembros del Consejo Superior de Investigaciones Científicas (Instituto de Ciencias do Patrimonio de Santiago de Compostela e o Instituto de Arqueoloxía de Mérida).

De momento han definido estructuras bastante claras, monumentales, con muros y fosos de defensa que sumaban muchos metros de altura a superar para cualquier atacante. Los límites interiores del castro no son modernos, conserva aterrazamientos antiguos y el detalle de ortofoto con dron ya reveló que bajo el suelo hay elevaciones que podrían ser cabanas castreñas, pero está por precisar porque no se hicieron catas del terreno.

Los arqueólogos compartirán con los cervenses cuantos detalles puedan, si es posible antes de Navidad, pero lo probable es que informen después sobre si eran estructuras domésticas o de otro tipo. González dice que es un castro muy monumental y que el poblado seguiría el patrón de lugar con base agrícola. Por su ubicación en un promontorio, sigue siendo espectacular.

Una clase práctica, sobre el terreno, impulsada por el IES Ribadeo Dionisio Gamallo y que se encargó de impartir el doctor en Geología Francisco Canosa en la playa de As Catedrais y en la costa de la parroquia ribadense de Piñeira puso el acento de nuevo sobre una problemática que acompaña a la famosa playa ribadense pero que no acaba de solucionarse: la fragilidad de los acantilados, sobre todo en su parte superior.

Esta visita a ambos lugares tuvo lugar el pasado viernes y contó con la financiación del Concello de Ribadeo. A Canosa lo acompañó la profesora de Biología del centro ribadense, Susi Besteiro.

Más allá de las explicaciones a propósito de las características de esas zonas de costa, de su formación hace millones de años y su estado actual, hubo tiempo para reflexionar sobre algunos de los problemas que acarrea el turismo masivo que sacude, de forma muy especial, As Catedrais durante varias épocas del año.

Canosa explicó en este caso que considera necesario controlar mejor los accesos a la playa, pero hizo una mención especial a la parte alta de los acantilados. La razón es que, según explicó, se trata de

# La costa que aún necesita ayuda

● El geólogo Fran Canosa avisa en una clase en el IES de Ribadeo que hay que proteger más y mejor los acantilados superiores de As Catedrais

TEXTO: P.V.

la parte más vulnerable.

Esto se demostró ya con el último derrumbamiento producido en As Catedrais, que no solo se llevó por delante uno de los arcos, sino que produjo un corte muy importante en la parte superior del acantilado provocando que se cerrase una parte del mismo, aunque de forma muy precaria.

Una alternativa que se manejó fue la de colocar una pasarela de madera de características similares a la que existe entre As Catedrais y la playa de Arealonga,

ya en Barreiros, pero aunque es del agrado de Costas, no se supo nada más al respecto de su construcción.

En la clase que recibió el alumnado del centro en As Catedrais trataron de descubrir las distintas etapas vividas por el acantilado. Susi Besteiro explica que primero se habló de «as pequenas covas modeladas a favor dunha fractura; despois os túneis rochosos, a continuación 'ollos', nos puntos de intersección das fallas e finalmente os famosos arcos, que representan

a fase máis evolucionada».

Sobre la costa de Piñeira, allí se enseñó a los jóvenes «a diferenciar as dúas rochas predominantes: cuarcitas e lousas do período Cámbrico, con 500 millóns de anos de antigüidade. Aínda que a simple vista parecen iguais ao tocalas apréciase que as cuarcitas son moito máis ásperas e duras cás lousas. Esta é a causa da forte erosión diferencial que xunto coa intensa fracturación condiciona a morfoloxía nosa costeira. Tamén puideron apreciar pregues en 'M' e fallas de rumbo dextrais, entre outras deformacións producidas polas forzas internas terrestres».

La profesora ribadense indica que fue «unha clase distinta, in situ, cun día espléndido e cun gran xeólogo» al que el centro agradece su esfuerzo, así como el apoyo del Concello.

# Actos polo 25-N en Ribadeo

POR MÓNICA FREIRE  
CONCELLEIRA DE IGUALDADE

Con motivo da campaña Ribadeo contra a violencia machista: antes, agora e sempre no Concello programamos diversas actividades que se desenvolverán ata o vindeiro 27 de novembro.

Queremos unha vez máis despertar as consciencias da cidadanía, visibilizando a todas as violencias machistas e a todas as vítimas. Co lema elixido nesta ocasión, queremos transmitir que aínda que se achega o 25N, Día internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller, a loita contra esta pandemia social non debe limitarse a un só día. Desde a Área de Igualdade do Concello Ribadeo traballamos constantemente no abordaxe integral da violencia de xénero, mediante políticas de prevención e accións destinadas a garantir a asistencia e a protección das vítimas con actuacións de carácter integral.

Un dos nosos principais obxectivos é, precisamente, sensibilizar e xerar conciencia contra a violencia machista. Durante o mes de novembro realizaranse talleres contra a violencia de xénero, dirixidos a Primaria e Infantil e charlas para ao estudiantado de Educación Secundaria e o público en xeral. Ademais terá lugar un recital poético musical e unha obra de monicre-



Presentación da campaña contra a violencia machista.

ques.

Empezaremos o día 18 de novembro coa charla de Laura Viñuelas titulada Os bos amores tamén se aprenden, dentro do programa O Concello cos coles. Non é a primeira vez que temos a sorte que nos visite esta prestixiosa musicóloga, xa estivo noutras ocasións nalgún dos centros de ensino de Ribadeo e participou como relatora nas xornadas de Violencia de Xénero ilustrándonos na relación entre música e feminismo, e o machismo escondido nas letras de moitas cancións. A charla será impartida no Cine Teatro ás 12:30 horas para 1º Básica Porta da Auga e 3º e 4º ESO Sagrado Corazón e IES

Gamallo Fierros de Ribadeo. O día 19, ás 20:00 horas no Quiosco da Música terá lugar o recital-musical da coñecida poeta do Miño Lúa Mosquetera. Lúa acaba de publicar o seu terceiro libro, Espíderman, tras o seu exitoso Aínda que sexas rara e sexas paxaro e o ano pasado foi a gañadora do PoetrySlam Compostela. Os seus poemas non só teñen temática feminista tamén falan de desigualdade e das injustizas en xeral. Lúa derrocha moita forza e paixón en todo o que fai e consegue contaxiar ao seu público. En caso de choiva esta actividade celebrarase no Auditorio Municipal Hernán Naval.

Do 21 ao 25 de novembro, unha

vez máis no marco O Concello cos coles impartirase o obradoiro Mirámonos e aceptámonos contra a violencia de xénero para Infantil e Primaria do Sagrado Corazón e Gregorio Sanz. Será María Novo a encargada de levar a cabo este taller. O 25N a Xuíza Maxistrada do Xulgado de Instrución nº 2 Lugo, Sandra Piñeiro Vilas, daranos unha charla que levará por título Delitos de Violencia de Xénero: Especial atención ás novas tecnoloxías. Será no Teatro ás cinco da tarde.

Queremos afondar sobre o que se fixo patente nos últimos anos, a persistencia da violencia de xénero na nova xeración. As relacións que se adoitan establecer na poboación nova son curtas, pero cada vez máis intensas, con moita normalización da violencia. É fundamental traballar para que se deixen de normalizar roles e relacións machistas. As redes sociais trouxeron moitas cousas, moitas positivas, pero un mal uso das mesmas pode dar lugar a unha supervisión constante.

O día 27 temos ás 17:30 no Auditorio Municipal a actuación de Trécola co espectáculo de marionetas Gaela quere ser druída, dirixido a público infantil e familiar. Nesta obra a protagonista convive con seres e crenzas da mitoloxía celta, cunha temática en prol da igualdade e contra as violencias de xénero, que tamén habitan na tradicional negación dos dereitos da muller.

## Unha clase distinta: Xeoruta polas Catedrais e Piñeira



Os participantes na clase, nas Catedrais.

POR SUSI BESTEIRO CABANAS  
CATEDRÁTICA DE BIOLOXÍA DO IES  
RIBADEO DIONISIO GAMALLO

Alumnos e alumnas do IES Ribadeo Dionisio Gamallo participaron o pasado

venres 11 de novembro, nuha Xeoruta financiada polo Concello de Ribadeo. Acompañados por Francisco Canosa, doutor en Xeoloxía e pola profesora de Bioloxía, Susi Besteiro, foron recorrendo dous puntos de interese xeolóxico do

concello ribadense: As Catedrais e Piñeira.

O percorrido comezou por Piñeira, aprendendo en primeiro lugar a diferenciar as dúas rochas predominantes: cuarcitas e lousas do período Cámbrico, con 500 milló-

ns de anos de antigüidade. Aínda que a simple vista parecen iguais ó tocalas apréciase que as cuarcitas son moito máis ásperas e duras cás lousas. Esta é a causa da forte erosión diferencial que xunto coa intensa fracturación condiciona a morfoloxía nosa costeira. Tamén puideron apreciar pregues en M e fallas de rumbo dextrais, entre outras deformacións producidas polas forzas internas terrestres.

A continuación, na praia das Catedrais, trataron de descubrir as distintas etapas do cantil. Primeiramente, as pequenas covas modeladas a favor dunha fractura, despois os túneis rochosos, a continuación "ollos" nos puntos de intersección das fallas e finalmente os famosos arcos, que representan a fase máis evolucionada.

Tamén houbo tempo para reflexionar sobre os perigos do turismo masivo e sobre a necesidade de controlar os accesos á praia e á parte alta do cantil por ser a zona máis vulnerable do mesmo. En definitiva, unha clase distinta: "in situ", cun día espléndido e cun gran xeólogo. Polo tanto, dende o IES Ribadeo Dionisio Gamallo, queremos agradécelle ó Concello de Ribadeo e a Fran Canosa a súa colaboración para poder facer esta actividade e agardamos que sirva para que o alumnado sexa quen de valorar e divulgar o noso patrimonio xeolóxico.

## Encargan un nuevo barco a Astilleros Gondán

Edda Wind ASA, empresa fundada por el grupo noruego Østensjø, volve a confiar en Astilleros GONDAN SA con el pedido de un nuevo CSOV (Commissioning Service Operation Vessel), lo que supondrá el octavo proyecto encargado al astillero por este grupo para el sector de las energías renovables, una industria en crecimiento en la cual GONDAN se consolida como un constructor naval líder a nivel mundial.

El buque, con diseño optimizado de la firma noruega Salt Ship Design, será el décimo de la flota de Edda Wind - que cuenta con los barcos más ecológicos y eficientes del mundo de su tipo - para proveer servicios en parques eólicos marinos.

Con este nuevo contrato GONDAN suma, desde 2015, ocho proyectos para el sector de las energías renovables offshore, una industria en crecimiento en la que el astillero se consolida como constructor naval líder y a la vanguardia en la integración de las soluciones tecnológicas más complejas y eficientes para el sector. GONDAN agradece a Edda Wind la confianza depositada una vez más y se enorgullece de ser proveedor de referencia de una de las compañías más innovadoras en su sector.

## O PP esixe solucións ao problema das ratas que ten Ribadeo

O PP Ribadeo leva tempo pedindo e proponendo solucións a cuestións que os veciños demandan día a día como a problemática dos hosteleiros coa basura e o vandalismo nas terrazas ou o problema coas ratas que teñen en vilo a Ribadeo. O goberno do BNG considerou que xa era oportuno atender ás demandas veciñais e afirmaron que iban a actuar contra os roedores. Desde o PP píden-se detalles sobre a actuación deste problema. A vicevoceira popular, Elena Sierra, explica que a actitude do BNG "nos tiene asombrados, pues en los plenos recientes pedimos por activa y por pasiva que se actuara contra el gran problema que sufren ciertas calles de Ribadeo con las ratas y se nos hizo caso omiso". Sierra resalta que "dicen en una nota de prensa que se va a actuar, pero no especifican cómo".

A popular apunta que o goberno do BNG está a rebufo das propostas do PP, polo que "esperamos que no solo sea una promesa electoral".